



Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega

PROXECTO DE FOMENTO DO USO DA LINGUA GALEGA

2023 - 2024

CEIP ISAAC PERAL

Ferrol



CEIP ISAAC PERAL

Avda. Mac Mahón s/n 15 403 - Ferrol

981 93 02 10/18

ceip.isaac.peral@edu.xunta.gal

FOTOS



ÍNDICE

1. <u>ESTUDIO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO</u>	2
2. <u>SITUACIÓN E OBXECTIVOS</u>	3
3. <u>CONSIDERACIÓN XERAIS</u>	5
4. <u>DESCRIPCIÓN DOS OBXECTIVOS AXEITADOS A CADA SECTOR</u>	6
5. <u>ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA</u>	
5.1. <u>As novas Tecnoloxías</u> :	
• <u>A Páxina web</u>	7
• <u>Os nosos blogues</u>	9
• <u>As redes sociais: Facebook e Instagram</u>	10
• <u>Introdución ao software en lingua galega</u>	11
• <u>A aula virtual</u>	12
5.2. <u>Celebracións: As festas tradicionais</u>	13
5.3. <u>As conmemoracións e actividades complementarias</u>	15
5.4. <u>As exposicións e decoracións</u>	16
5.5. <u>Publicacións: Revista Escolar “Mareiriña”</u>	17
5.6. <u>Recuperación de Xogos Populares</u>	18
5.7. <u>Escoitar: Visitas de autores e ilustradores galegos</u>	19
5.8. <u>Contacontos</u>	20
5.9. <u>Escoitar – Dicir – Escribir</u>	21
5.10. <u>Os nosos proxectos: Plambe: Os cómics.</u>	22
5.11. <u>Saídas escolares en prol da Lingua</u>	23
5.12. <u>Participación no Correlingua</u>	24
5.13. <u>Divulgación e práctica de baile tradicional galego.</u>	26
• <u>Marcapáginas</u>	26
6. <u>COLABORACIÓN CON OUTRAS ENTIDADES</u>	27

1. ESTUDO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO

CONTEXTO SOCIO-LINGÜÍSTICO

Lingua habitual nos fogares	Só castelán
Lingua habitual nas interaccións comunitarias	Predomina o castelán
Lingua empregada polo concello na súa comunicación	Predomina o galego
Lingua empregada polas entidades asociativas do contorno	Predomina o castelán

SITUACIÓN DO PROFESORADO

Lingua habitual do profesorado	Predomina o castelán
Capacidade do profesorado para empregar o galego na actividade docente	Ampla
Disposición do profesorado para facer cursos de reciclaxe e actualización	Media
Actitude do profesorado cara a utilización do galego no ámbito educativo	Favorable
Actitude do profesorado cara a normalización social do galego	Media

SITUACIÓN ALUMNADO

Lingua habitual do alumnado	Só castelán
Lingua habitual da súa familia	Só castelán
Lingua usada polo alumnado no ámbito escolar	Castelán e galego
Competencia comunicativa en galego que traen da etapa anterior	Escasa
Actitude do alumnado cara á utilización do galego no ámbito educativo	Favorable
Actitude do alumnado cara á normalización social do galego	Favorable

SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO: Emprego da lingua galega...

Na documentación do centro	Plena
Nas interaccións co alumnado, coas familias e con outras institucións	Ampla
Nas interaccións co alumnado en contextos informais	Moderada
Polo persoal non docente	Moderada
Por parte da ANPA	Ampla
Nas actividades extraescolares	Escasa

2. SITUACIÓN E OBXECTIVOS

CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO	<p>Os resultados da pregunta aos pais, nais, titores ou representantes legais do alumnado de 4º de E. Infantil, para obter información con respecto da lingua materna predominante, foron os seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Castelán: 19 • Galego: 5 • Galego e castelán : 5 • Noutra lingua: 1 <p>Falta, por tanto, unha aceptación do seu uso na vida diaria.</p> <p>OBXECTIVO: <i>Implicar ás familias do noso alumnado no emprego da lingua galega.</i></p>
SITUACIÓN DO PROFESORADO	<p>A maior parte dos docentes do centro empregan o castelán en contextos informais, fóra da clase. É o idioma empregado habitualmente, aínda que moitos teñen como lingua inicial o galego pero a lingua habitual é compartida dependendo dos contextos.</p> <p>A competencia en galego é case do 100% por parte dos docentes.</p> <p>OBXECTIVO: <i>Fomentar o uso do galego nas actividades cotiás do centro.</i></p>
SITUACIÓN DO ALUMNADO	<p>O alumnado é maioritariamente castelán falante. Teñen o castelán como lingua inicial e como lingua habitual.</p> <p>Obsérvase que a competencia en lingua galega mellora na escrita ao finalizar a primaria, estando un pouco máis baixo o nivel que o castelán, pero na expresión oral é moito máis baixa.</p> <p>OBXECTIVO: <i>Acadar a competencia plena do galego ao finalizar a etapa de Primaria</i></p>
SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO	<p>O uso do galego na documentación administrativa e nas informacións internas do centro é plena. A comunicación escrita co alumnado, coas familias e con outras institucións faise en galego ao 100%.</p> <p>Aínda que, dispoñemos dun fondo de libros en galego na biblioteca e en todas as aulas, cómpre seguir ampliando este material escrito tanto na Etapa de Infantil coma na de Primaria.</p> <p>Dende hai uns cursos levamos a cabo, dentro do Plan Lector, unha iniciativa que vai dando seus froitos, a saber: durante vinte minutos todos os días practicamos dentro da aula a lectura, e loxicamente, ao haber oferta de libros en galego na aula e na biblioteca, moitas das súas lecturas son en galego.</p>

SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega, é o encargado de organizar e coordinar o traballo do xornal escolar (Mareiriña) consistente en:

- recomendacións de lecturas en galego dos distintos temas que se tratan.
- sesións de contacontos para cada un dos niveis con diversos autores, sesións de ilustración de libros cos autores.
- exposicións de libros nas diferentes conmemoracións.
- obras teatrais en galego.
- Celebracións e conmemoracións (Magosto, Nadal, Día da Paz, Entroido, Día do Libro, Letras Galegas e Maios).
- Préstamo de libros e actualización na adquisición dás últimas publicacións.
- Relacións coas asociacións culturais do contorno: Concello, Fundación Abanca, CEM.

A utilización nas TICs do galego refíctese coa páxina web do centro que se está actualizando constantemente e que entre os seus contidos conta con múltiples seccións nas que a lingua aparece como unha ferramenta de traballo para levar a cabo as diferentes actividades que se propoñen.

OBXECTIVO: *Empregar a lingua galega:*

- *Na documentación do centro*
- *Nas interaccións coas familias*
- *Nas actividades extraescolares*
- *Con outras institucións (ANPA, Concello,...)*

3. CONSIDERACIÓN XERAIS

INTRODUCIÓN	<ul style="list-style-type: none"> O conxunto do profesorado e os órganos de goberno deste centro queren continuar co Plan de Fomento da Lingua Galega que o Equipo de Dinamización da Lingua Galega elaborou e está a estimular cada día polo que se ratifica na idea común de ampliar a área de influencia a novas materias do currículo de todos os niveis educativos.
OBXECTIVOS	<ul style="list-style-type: none"> Ampliar o círculo de normalización da lingua galega do noso centro.
CONTEXTO	<ul style="list-style-type: none"> Derivado do proxecto lingüístico do centro. Familias, na súa mayoría, relacionadas coa Marina. Nivel socioeconómico medio. Amplo alumnado fillos de militares. Poboación infantil castelán falante. Poboación infantil que entende e non rexeita a lingua galega.
ACTIVIDADES DINAMIZADORAS	<p>As que se detallan máis adiante:</p> <ul style="list-style-type: none"> As novas tecnoloxías: <ul style="list-style-type: none"> A páxina web. Os nosos blogs escolares. Introdución do Software en lingua galega. Celebracións: <ul style="list-style-type: none"> Festas tradicionais Conmemoracións Exposicións Publicacións: <ul style="list-style-type: none"> Revista escolar Mareiriña Recuperación de xogos populares. Escoitar: <ul style="list-style-type: none"> Contacontos, teatro de títeres, recitado de poesías. Visitas de autores e ilustradores. Escoitar, dicir , escribir: Concurso de narrativas Saídas á contorna en prol da lingua. Participación no Correlingua Elaboracións de materiais diversos: <ul style="list-style-type: none"> Postais de Nadal – marcapáxinas.

4. DESCRIPCIÓN DOS OBXECTIVOS AXEITADOS A CADA SECTOR

ALUMNADO	<ul style="list-style-type: none"> • Dar un lugar referencial á lingua galega nos actos colectivos a través da posta en escena de obras de teatro, lecturas dramatizadas, cancións,... • Ampliar a relevancia da nosa lingua a través das tecnoloxías da información e comunicación. • Pór en valor a lingua galega na súa vertente oral a través de contacontos. • Animar á lectura a través das accións da biblioteca escolar e das bibliotecas de aula. • Achegar ao alumnado a vocabularios específicos, fundamentalmente no xogo. • Continuar potenciando o uso da lingua galega na elaboración de todo tipo de publicacións e materiais escolares en calquera soporte.
PROFESORADO	<ul style="list-style-type: none"> • Proporcionarles aos pais/nais toda a información que recaden do centro sempre en galego. • Facilitarles aos coordinadores de nivel o material axeitado para potenciar a incorporación da cultura galega ao ensino nas áreas do currículo. • Contribuír con este proxecto ao Plan TICs. • Potenciar nas aulas o traballo encamiñado a eliminar no alumnado a sensación de que “fala mal” e, polo tanto, suprimir este e outros estereotipos. • Mellorar a propia competencia lingüística.
CONTORNA	<ul style="list-style-type: none"> • Facilitar o contacto co mundo da literatura galega a través das accións do equipo da biblioteca e do EDLG. • Utilizar a lingua galega nas enquisas persoais do profesorado coas familias e en calquera outro contacto administrativo. • Normalizar o uso da lingua galega nas actividades extraescolares. • Traer ao centro algún producto típico elaborado na casa (relacionado coas festas e conmemoracións).
AMBIENTALIDADE LINGÜÍSTICA DO CENTRO	<ul style="list-style-type: none"> • Potenciar e promover o uso da lingua galega en todas as actividades do centro. • Empregar o galego tanto dentro coma fóra da aula. • Ampliar o fondo bibliográfico e vídeo gráfico en lingua galega. • Potenciar a festa das Letras Galegas. • Continuar dando preferencia á presenza da lingua galega en todas as manifestacións públicas e de carácter escrito (carteis, murais,...) • Implicar á ANPA nalgunhas das actividades que se desenvolvan neste proxecto. • Acadar a participación maioritaria do alumnado e profesorado nas actividades deseñadas neste plan de fomento. Integrar ás familias na medida do posible.

5. ACTIVIDADES DE DINAMINACIÓN LINGÜÍSTICA:	
5.1. AS NOVAS TECNOLOXÍAS: A PÁGINA WEB	
OBXECTIVOS	<ul style="list-style-type: none"> Utilizar a lingua galega nas situacións comunicativas. Potenciar a lingua galega nas actividades do centro. Comunicarse en lingua galega con nenas e nenos doutros centros educativos a través das TICs dentro do espazo de emprego curricular das novas tecnoloxías. Que as novas tecnoloxías reflictan a actividade cotiá dos nenos e nenas e que contribúan a asentar a súa identidade como grupo.
CONTEXTO	<ul style="list-style-type: none"> Regular o uso das TICs no ámbito escolar e familiar. Proxecto a longo prazo (PXA) do centro no ámbito das TIC. Modelo de páxina web: coa colaboración do profesorado. O apartado da páxina web dedicado ás actividades do EDLG está actualizándose continuamente.
ACCIONES	<ul style="list-style-type: none"> Actualización e uso da lingua galega na páxina web do centro. Apartado de EDLG funcionando plenamente. Incorporación do profesorado do EDLG para a subida de contidos á web.
MATERIAIS	<ul style="list-style-type: none"> Ordenadores do centro. Cámara fotográfica. Diferente software.
IMPACTO	<ul style="list-style-type: none"> En toda a comunidade escolar. Integración de esforzos do profesorado: traballo en equipo. Visualización dos esforzos do colexo cara ás familias. Encontros dos nenos e nenas fóra da aula. Valorar os esforzos do colexo de cara á contorna escolar e social máis próxima (intercambio de experiencias con outros colexios).

BENVIDOS AO NOSO CENTRO!

ISAAC PERAL

PLAMBE

SINAIS DE IDENTIDADE

EDUCACIÓN SOSTIBLE

FOMENTO DAS TIC

TRABALLOS POR PROXECTOS

ATENCIÓN ALUMNADO CON NEAE

SECCIÓN BILINGÜE

XADREZ

CARACTERÍSTICAS

HORARIO DO CENTRO

SERVIZO DE COMEDOR

ACT. EXTRAESCOLARES

ADMISIÓN ALUMNADO

FOTOGRAFÍAS

CALENDARIO ESCOLAR

A nosa web é un medio de difusión da nosa lingua

O PORTAL DA LINGUA DO CEIP ISAAC PERAL

PROXECTOS ANTERIORES

2013 - 2014	2014 - 2015	2015 - 2016	2016 - 2017	2017 - 2018	2018 - 2019
PROXECTO DE FOMENTO DO USO DA LÍNGUA GALEGA	PROXECTO DE FOMENTO DO USO DA LÍNGUA GALEGA	PROXECTO DE FOMENTO DO USO DA LÍNGUA GALEGA	PROXECTO DE FOMENTO DO USO DA LÍNGUA GALEGA	PROXECTO DE FOMENTO DO USO DA LÍNGUA GALEGA	PROXECTO DE FOMENTO DO USO DA LÍNGUA GALEGA
13 - 14	14 - 15	15 - 16	16 - 17	17 - 18	18 - 19
19 - 20	20 - 21	21 - 22	22 - 23		23 - 24

Publicación na web dos nosos proxectos de fomento da lingua

5. ACTIVIDADES DE DINAMINACIÓN LINGÜÍSTICA:
5.1. AS NOVAS TECNOLOXÍAS: OS NOSOS BLOGS

OBXECTIVOS	<ul style="list-style-type: none"> Achegar a actividade escolar ás familias. Utilizar a lingua galega en todas as situación comunicativas. Comunicarse en lingua galega con nenos e nenas doutros centros educativos a través das TICs dentro do espazo de emprego curricular das novas tecnoloxías. Reflectir a actividade cotiá a través das novas tecnoloxías e, polo tanto ,contribuirá aceptar a súa identidade como grupo.
CONTEXTO	<ul style="list-style-type: none"> Regular o uso das TICs no ámbito escolar e familiar. Proxecto a longo prazo do centro (PXA) no ámbito das TICs. Experiencia da utilización dos nosos blogs, tanto os de recompilación de recursos coma o de actividades da biblioteca ou o de lecturas na rede.
ACCIONES	<ul style="list-style-type: none"> Mantemento, expansión e actualización dos blogs con base lingüística no galego: "Blog de novas da biblioteca (PLAMBE) "Cóntanos Peraliño" e "Blog de Lectura na rede". Actualización dos blogs de recursos: "Blog de Mates", "Blog de Lengua", "Blog de Lingua", "Blog de Naturais" e "Pequeblog" (o blog de recursos de infantil). Funcionamento dun blog específico de recursos de lingua galega e de novas do EDLG.
MATERIAIS	<ul style="list-style-type: none"> Ordenadores e netbooks do centro. Cámara fotográfica. Escáner.
IMPACTO	<ul style="list-style-type: none"> Na contorna escolar: familias. Nas aulas de infantil e primaria. Como modelo a seguir entre o profesorado. Usuarios da biblioteca.



5. ACTIVIDADES DE DINAMINACIÓN LINGÜÍSTICA:

5.1. AS NOVAS TECNOLOXÍAS: AS REDES SOCIAIS- (Facebook)

OBXECTIVOS	<ul style="list-style-type: none"> Achegar a actividade escolar ás familias. Utilizar a lingua galega en todas as situación comunicativas. Comunicarse en lingua galega con nenos e nenas doutros centros educativos a través das TICs dentro do espazo de emprego curricular das novas tecnoloxías. Reflectir a actividade cotiá a través das novas tecnoloxías e, polo tanto, contribuirá aceptar a súa identidade como grupo.
CONTEXTO	<ul style="list-style-type: none"> Regular o uso das TICs no ámbito escolar e familiar. Proxecto a longo prazo do centro (PXA) no ámbito das TIC. Utilización das redes sociais Facebook e Instagram como medio divulgativo das nosas novas.
ACCIONES	<ul style="list-style-type: none"> Actualización e mantemento na nosa páxina das redes sociais Facebook e Instagram.
MATERIAIS	<ul style="list-style-type: none"> Ordenadores e netbooks do centro. Telefonía móvil. Cámara fotográfica. Escáner.
IMPACTO	<ul style="list-style-type: none"> Na contorna escolar: familias. Nas aulas de infantil e primaria. Como modelo a seguir entre o profesorado.



ceipisaacperal
817 amigos • 3 amigos en común

Atender Enviar mensaje

ceipisaacperal



79 561 58
Publicaciones Seguidores Sigiendo

Ceip Isaac Peral

Colexio Público de Educación Infantil e Primaria

Avda. Mac Mahon s/n - 15403 Ferrol

ceip.isaac.peral@edu.xunta.gal

881930210


Ver traducción

linktr.ee/isaacperalferrol

5. ACTIVIDADES DE DINAMINACIÓN LINGÜÍSTICA:

5.1. AS NOVAS TECNOLOXÍAS: INTRODUCIÓN DO SOFTWARE EN L. GALEGA

OBXECTIVOS	<ul style="list-style-type: none"> Xeneralización do uso da lingua nas ferramentas más utilizadas en informática. Introducir software, ferramentas e programas de uso libre lingua galega.
CONTEXTO	<ul style="list-style-type: none"> Uso de software de Microsoft en lingua castelá. Uso xeneralizado de software de pago.
ACCIONES	<ul style="list-style-type: none"> Utilización de sistema operativo, programas e ferramentas informáticas de uso libre: Linux (en galego), a suite OpenOffice (en galego), o navegador Mozilla Firefox...
MATERIAIS	<ul style="list-style-type: none"> Ordenadores. Sistema operativo Linux. Software de suite Open Office en lingua galega.
IMPACTO	<ul style="list-style-type: none"> En boa parte da comunidade escolar: ordenadores e netbooks en 5º e 6º de Primaria, ordenadores de secretaría, sala de profesores, biblioteca...



O galego...



CONÉCELÓ



APRENDELO



PROMÓVELO



INVESTIGALO



PROXECCIÓN AO EXTERIOR

O ÚLTIMO NO PORTAL

- * [Cantos para o Nadal](#)
- * [Nadaliñas](#)
- * [O meniño rei, un conto de Nadal especial](#)
- * [Os Bolechas presentan... Un Nadal máxico](#)
- * [Cholo e Nela no Camiño de Santiago](#)

+ DESTACADAS

- | | | | |
|--|-------------------------------------|--|--|
| | Rede de Dinamización Lingüística | | Centro Ramón Piñeiro |
| | Rede de Centros de Estudios Galegos | | Equipos de Dinamización da Lingua Galega |
| | Celga | | Observatorio da Lingua Galega |
| | Tradutor automático Gaio | | Dinamización no tecido económico |
| | Plataforma de teleformación | | |

5. ACTIVIDADES DE DINAMINACIÓN LINGÜÍSTICA:

5.1. AS NOVAS TECNOLOXÍAS: A AULA VIRTUAL

Aula virtual CEIP ISAAC PERAL



Novas do sitio

[Ver Novas do sitio](#)

Categorías

- 4º INFANTIL - 3 años

3 años A...

3 años B...

- 5º INFANTIL - 4 años

4 años A...

4 años B...

- 6º INFANTIL - 5 años

5 años A...

5 años B...

- 1º PRIMARIA

1º A...

1º B...

OBXECTIVOS	<ul style="list-style-type: none"> Utilizar a Aula Virtual como medio de aprendizaxe e comunicación tanto co alumnado como coas familias.
CONTEXTO	<ul style="list-style-type: none"> O profesorado desde infantil ata cuarto de primaria emprega esta plataforma.
ACCIÓNES	<ul style="list-style-type: none"> Desenvolver a capacidade escrita na lingua galega. Apertura da escola á comunidade. Formar ao profesorado no emprego desta ferramenta. Utilizar o galego na linguaxe escrita como medio para as diversas situacións comunicativas a nivel interpersoal. Desenvolver a capacidade creativa mediante a elaboración e producións textuais propias en galego. Recoñecer e utilizar os elementos formais da aula virtual. Utilizar a aula virtual no proceso de ensino. Promover procesos de atención á diversidade e inclusión a través da aula virtual.
MATERIAIS	<ul style="list-style-type: none"> Ordenador portátil.
IMPACTO	<ul style="list-style-type: none"> Producción correcta de mensaxes escritos. Selección e presentación de información. Optimizar o desempeño social e comunicativo. Democratizar as accións a través da participación na aula virtual Interactuar con alumnos que teñan Necesidades Específicas de apoio Educativo (NEAE). Propiciar que toda a comunidade participe do proceso de ensino aprendizaxe. Facilitar o acceso á información relevante para adquisición de contidos.

5. ACTIVIDADES DE DINAMINACIÓN LINGÜÍSTICA:

5.2. CELEBRACIÓN: FESTAS TRADICIONAIS

OBXECTIVOS	<ul style="list-style-type: none"> • Recuperar as tradicións da cultura galega e exaltar o seu valor. • Achegar os costumes populares de Galicia e da nosa bisbarra. • Que todos os nenos e nenas sexan quen de: <ul style="list-style-type: none"> • Comprender a importancia de manter as tradicións de Galicia. • Elaborar materiais diversos relacionados coas festas tradicionais utilizando a lingua galega. • Elaborar redaccións, cómics, murais, cancións... • Expressar oral e graficamente ideas sobre festas populares, as súas orixes e repercuśóns. • Participar con poemas, cantigas, bailes, contos...en lingua galega ante pequenos e grandes grupos. • Publicar na páxina web do colexio as producións referidas a estas festas.
CONTEXTO	<ul style="list-style-type: none"> • Todos os anos fanse as celebracións das festas tradicionais galegas. • A contorna social vive unha recuperación destas tradicións. • Incluído na PXA.
ACCIÓNES	<p>Todas as encamiñadas a celebrar as seguintes festividades:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Magosto • Samaín • Nadal – O Apalpador • A Paz • Entroido • Maios • Semana das Letras Galegas
MATERIAIS	<ul style="list-style-type: none"> • Material audiovisual. • Libros e revistas • Materiais específicos de cada festa (castañas, cabazas, flores..) • Cartolinhas, papeis...
IMPACTO	<ul style="list-style-type: none"> • En toda a comunidade escolar.

RECURSOS DO APALPADOR
Proxecto Nacemento 1201-2023 by Roldán
O Censo 23-24 Galicia 2023-24 Día da Lingua Galega 23-24

O APALPADOR, FIGURA DO NADAL EN GALICIA



O NADAL EN GALICIA é un proxecto que promove a difusión das tradicións populares que nos traxeron de volta o entroido galego. Unha figura central é O APALPADOR, un neno que representa a menina de mazos de 2000. Pode adquirirse en www.o-nadal-en-galicia.com ou en www.o-nadal-en-galicia.com.

Para acceder a unha serie de recursos sobre O APALPADOR e sobre outras figuras do Nadal, premir na imaxe.



O APALPADOR



O Apalpador vive na memoria dos habitantes más ancianos de **O Caurel e Os Ancares**, na montaña luguesa.

Os más vellos do lugar lembrano polo que os seus maiores lles contaron, e describeno como un vello apacible, barbado e grandón, que fuma en pipa, leva puchos e viste chambra colorida e pantalóns con remendos.

Contan tamén que a **noite do 25 ou do 30 de decembro**, este xigante bonachón e de oficio carboeiro, abandoaba as altas montañas nas que vivía e baixaba ás aldeas para entrar sen facer ruido nos cuartos dos más pequenos. Despois de **palparles a barriguita** con moito cuidado (de ahí o nome de Apalpador) e comprobar que estaban ben alimentados, desexáballes o que o vindeiro ano non pasaran fame e como agasallo de Nadal deixáballes unha boa presa de **castañas asadas**. O Apalpador era home sabio e non ignoraba que naqueles tempoz (XIX e principios dos XX) a castaña en Galicia era un alimento moi prezado.

A lenda do Apalpador resulta entrañable porque nos transporta á Galicia dos nosos avós, onde afora o **realismo máxico** dunha terra rica en tradicións e lendas que foron fonte de inspiración para os contos de Fole, Dieste ou Cunqueiro. Pero tamén a **unha época de aislamento, privación e miseria**. O feito de que o Apalpador palpase as barrigas para comprobar se os nenos estaban ben alimentados fai pensar na escaseza de comida e nas duras condicións de vida. Pero non deixa de resultar commovedora esa emoción que despertaba nos nenos e nenas o agasallo dunha simple presa de castañas, o valor que para eles tiña algo tan esencial como a comida. Por desgracia segue habendo moitos lugares onde os nenos recibirían a figura dun Apalpador con tanta ilusión coma aqueles outros que hai tantos anos habitaron as terras da montaña ligurese.

PARA TODOS E TODAS BO NADAL E UN ANINOVO CHEO DE CASTAÑAS

O APALPADOR

QUEN É P

- HISTORIA
- CONTO
- VIDEO
- PICTOGRAAMA
- QUE SABES?

RECURSOS

- CONTOS
- U. DIDÁCTICAS
- MATERIAIS
- CANTIGAS
- ACTIVIDADES

PERSOAXES DO NADAL

Recursos do Apalpador
divulgados na nosa web

5. ACTIVIDADES DE DINAMINACIÓN LINGÜÍSTICA:
5.3. CONMEMORACIONES E ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

OBXECTIVOS	<ul style="list-style-type: none"> Reflexionar sobre temas de actualidade, de respecto polos dereitos humanos e de conservación do medio, usando como lingua oral nos seus debates a lingua galega. Elaborar materiais diversos relacionados coas conmemoracións respectivas en lingua galega: redaccións, cómics, murais, cancións.. Expresar oral e graficamente ideas sobre as conmemoracións respectivas e as súas repercuсиons. Aumentar o gusto pola lectura en galego.
CONTEXTO	<ul style="list-style-type: none"> Incluídas na PXA. Xa establecidas : hai moitos anos que se veñen celebrando no centro. Moi promovidas institucionalmente.
ACCIÓNES	<ul style="list-style-type: none"> Outubro: Samaín. Novembro: Magosto. Decembro: Nadal. Xaneiro: O Día da Paz. Febreiro: O Entroido e Día de Rosalía. Marzo: O día Internacional da Muller. Semana da prensa. Abril: O Día do Libro. Certame de Poesía e Imaxe (En Galego sen filtro). Maio: Correlingua e Letras Galegas.
MATERIAIS	<ul style="list-style-type: none"> Material audiovisual. Libros e revistas. Materiais funxibles necesarios para a elaboracións dos traballos escolares.
IMPACTO	<ul style="list-style-type: none"> En toda a comunidade escolar: a participación dos nenos e nenas é masiva. Persoas externas ao centro: contacontos, escritores... Familias dos nenos e nenas como receptores.

5. ACTIVIDADES DE DINAMINACIÓN LINGÜÍSTICA:


5.4. EXPOSICIÓN, DECORACIÓN

OBXECTIVOS	<ul style="list-style-type: none"> • Observar as características dos diferentes períodos do ano en Galicia. • Reflexionar sobre a problemática xeral do medio. • Ler en lingua galega todo tipo de mensaxes. • Falar en lingua galega sobre temas relacionados coas distintas áreas do currículo. • Respectar e valorar os traballos dos nosos antergos. • Crear novos lazos de amizade. • Coñecer elementos naturais da nosa terra. • Usar a lingua galega en todas as occasións.
CONTEXTO	<ul style="list-style-type: none"> • Incluídas na PXA. • Son ben recibidas e hai moitos anos que se veñen celebrando no centro • Moi promovidas institucionalmente.
ACCIÓN	<p>Distintas exposicións como:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Exposición de murais e de cabazas no Samaín. • Exposición de murais e de castañas no Magosto. • Exposicións de máscaras de entroido. • Mural das letras Galegas. • Decoración dos maios. • Exposicións fotográficas de distintas actividades. • Divulgación na nosa web de todas estas conmemoracións e exposicións.
MATERIAIS	<ul style="list-style-type: none"> • Froitos típicos. • Material audiovisual. • Cámara de fotos, teléfono móvil. • Materiais funxibles necesarios para a elaboracións dos traballos escolares. • Expositores.
IMPACTO	<ul style="list-style-type: none"> • En toda a comunidade escolar.



5. ACTIVIDADES DE DINAMINACIÓN LINGÜÍSTICA:

5.5 PUBLICACIÓNS: REVISTA ESCOLAR MAREIRIÑA



EXEMPLARES DE MAREIRIÑA

OBXECTIVOS	<ul style="list-style-type: none"> Participar activamente todo o alumnado na elaboración dos textos: novas, artigos, pasatempos, ocupación de momentos de lecer ... Continuar asentando unha das canles de comunicación educativas máis valorada no centro. Reflectir dun xeito breve os logros acadados ao longo do curso escolar. Valorar os traballos en equipo. Ligar a memoria e a lingua galega.
CONTEXTO	<ul style="list-style-type: none"> Moi boa acollida.
ACCIONES	<ul style="list-style-type: none"> Elaboración da nosa revista escolar "Mareiriña" que reflicte o traballo e as actividades realizadas ao longo do curso. Difusión da revista na web do centro. Encadernación en tapa dura dunha revista, que rotará polas diferentes aulas para a súa lectura.
MATERIAIS	<ul style="list-style-type: none"> Materiais informáticos.
IMPACTO	<ul style="list-style-type: none"> En toda a comunidade escolar.



5. ACTIVIDADES DE DINAMINACIÓN LINGÜÍSTICA:
5.6. RECUPERACIÓN DE XOGOS POPULARES

A CORDA


BRILÉ

OBXECTIVOS	<ul style="list-style-type: none"> Fomentar, a través de xogos e outras actividades lúdicas, o uso do galego nas actividades informais do alumnado. Recitar retahilas, pareados ou trabalinguas acompañando os xogos populares. Incrementar o número de nenos e nenas participantes en xogos que eles non consideran propios do seu sexo. Coñecer os xogos populares das diferentes épocas do ano e a súa relación coa contorna. Coñecer e interpretar cantigas do folclore tradicional galego con instrumentos musicais escolares. Memorizar textos de rifar en cada xogo. Empregar e respectar as normas de xogos. Introducir a temporalización dos xogos. Participar en encontros con outras comunidades escolares. Manter o xogo popular como un sinal de identidade.
CONTEXTO	<ul style="list-style-type: none"> As aprendizaxes más significativas fanse a través de experiencias emocionais e, entre elas, o xogo. As clases de educación física e educación musical adaptan a súa programación e impártense en lingua galega.
ACCIONES	<ul style="list-style-type: none"> Contamos co Proxecto "Xogos no patio": Cordas, goma, brilé... Xornadas de recuperación de xogos populares: rotacións entre distintos xogos populares. Interpretación de cantigas populares con instrumentos musicais escolares. Participar en xogos populares.
MATERIAIS	<ul style="list-style-type: none"> Equipos de música, aplicacións musicais... Xoguetes: cordas, gomas, pelotas...
IMPACTO	<ul style="list-style-type: none"> En toda a comunidade escolar.



5. ACTIVIDADES DE DINAMINACIÓN LINGÜÍSTICA:

5.7: ESCOITAR: VISITAS DE AUTORES E ILUSTRADORES GALEGOS

"Antón Cortizas
é o padriño da
nosa biblioteca"



OBXECTIVOS	<ul style="list-style-type: none"> Achegar o alumnado á literatura.
CONTEXTO	<ul style="list-style-type: none"> Todos os anos recibimos as visitas de algún autor. Son acollidos con gran aceptación e entusiasmo.
ACCIÓN	<ul style="list-style-type: none"> Esperamos contar coa visita de escritores e ilustradores de libros infantís en lingua galega: Antón Cortizas, (padriño da nosa biblioteca)...
MATERIAIS	<ul style="list-style-type: none"> Libros en lingua galega.
IMPACTO	<ul style="list-style-type: none"> Todo o alumnado.



5.8. ESCOITAR – CONTACONTOS



OBXECTIVOS	<ul style="list-style-type: none"> Achegar a cultura en lingua galega a nenas, nenos e maiores.
CONTEXTO	<ul style="list-style-type: none"> Todos os anos recibimos a visita de contacontos que son acollidos con gran aceptación.
ACCIONES	<ul style="list-style-type: none"> Traer ao centro escolar contacontos profesionais. Utilizar as visitas á biblioteca para escoitar historias narradas polos propios profesores. Lecturas realizadas polos alumnos e alumnas aos seus compañeiros/as dentro da súa aula.
MATERIAIS	<ul style="list-style-type: none"> Megafonía do centro. Libros susceptibles de ser lidos. Lecturas recomendadas polo propio alumnado.
IMPACTO	<ul style="list-style-type: none"> En toda a comunidade escolar.



5. ACTIVIDADES DE DINAMINACIÓN LINGÜÍSTICA:

5.9: ESCOITAR – DICIR – ESCRIBIR – CONCURSO DE NARRATIVA

OBXECTIVOS	<ul style="list-style-type: none"> • Promover a lectura/escoita/escrita de textos en lingua galega. • Fomentar no alumnado, a través da lectura, una actitude reflexiva e crítica ante as manifestacións do entorno. • Descubrir as potencialidades lecto-dramáticas de moitos nenos e nenas. • Realizar composicións escritas na nosa lingua: Incrementar as competencias do alumnado na recreación en lingua escrita, incidindo na elaboración de textos propios coma contos, cómics, ... • Memorizar e recitar algúns textos de carácter poético, de tradición cultural ou de autor.
CONTEXTO	<ul style="list-style-type: none"> • É preciso valorar os progresos lectores e compositores de nenos e nenas.
ACCIÓNES	<ul style="list-style-type: none"> • Lectura en voz alta nas aulas, tanto en Educación Primaria coma en Infantil: contos, refráns, trabalinguas... • Memorización e recitado dalgúns textos de carácter poético, de tradición cultural ou de autor, deleitándose coas sensacións que o ritmo, a rima e a beleza das palabras producen. • Elaboracións de distintos tipos de textos e en diferentes formatos: cómic, contos, descripcións, correos electrónicos, ... • Elaboración de contos, diálogos, caligramas, trabalinguas, poemas...compartindo as súas creacións cos seus compañeiros. • Redacción de cartas ao Apalpador. • Recompiar refráns, receitas de cociña... • Lecturas dramatizadas. • Na hora de ler os alumnos farán lecturas aos seus compañeiros. Fomentaranse que as lecturas sexan en galego.
MATERIAIS	<ul style="list-style-type: none"> • Libros da biblioteca. • Biblioteca de aula. • Libros recomendados e aportados polos alumnos.
IMPACTO	<ul style="list-style-type: none"> • En toda educación primaria e infantil.

5. ACTIVIDADES DE DINAMINACIÓN LINGÜÍSTICA:

5.10. OS NOSOS PROXECTOS: PLAMBE: "Cóntanos Peraliño"

OBXECTIVOS	<ul style="list-style-type: none"> Promover a lectura/escoita/escrita de textos relacionados co mundo do cómic, en lingua galega. Os contos como reclamo para traballar outros aspectos como a historia, os clásicos, valores como a tolerancia e mesmo adentrarnos en obras literarias que non están dirixidas á súa idade. Traballar a figura dos antagonistas. Concienciar do papel da muller na narrativa. Fomentar un traballo de ilustración e escritura creativa. Deseñar unha presentación final para amosar ás familias. Investigar sobre os/as distintos escritores, ilustradores, personaxes... Pretender unificar o proxecto de normalización coa temática da biblioteca.
CONTEXTO	<ul style="list-style-type: none"> Elaboración e exposición de contos.
ACCIONES	<ul style="list-style-type: none"> Presentación da mascota do colexi, " O Peraliño"(un submarino) como un invento de Isaac Peral (nome da nosa escola). Decoración das portas das aulas con personaxes e formatos dos contos. Investigación sobre o papel da muller na narrativa. Preparación, elaboración e deseño de distintos contos. Realización de textos, slogans e composicións a través de contos. Lecturas de contos en galego.
MATERIAIS	<ul style="list-style-type: none"> Contos da biblioteca, vídeos, ordenador, cartolinhas,... Materiais específicos para a elaboración de contos.
IMPACTO	<ul style="list-style-type: none"> En toda educación primaria e infantil, organizar unha presentación para amosar os traballos realizados.


BIBLIOTECA

5. ACTIVIDADES DE DINAMINACIÓN LINGÜÍSTICA:
5.11: SAÍDAS ESCOLARES EN PROL DA LINGUA

OBXECTIVOS	<ul style="list-style-type: none"> Favorecer institucionalmente as saídas á contorna que supoñan unha mellora da lingua falada dos participantes e un incremento na súa bagaxe sobre a cultura galega.
CONTEXTO	<ul style="list-style-type: none"> É habitual que o centro programe visitas culturais.
ACCIÓN	<ul style="list-style-type: none"> Ás saídas dispostas na PXA e aprobadas polo Consello Escolar coma concertos musicais, cine en galego ("En galego de película"), teatro. Correlingua,..
MATERIAIS	<ul style="list-style-type: none"> Os referidos ás actividades previas e posteriores ás saídas.
IMPACTO	<ul style="list-style-type: none"> Alumnado e profesorado do centro.

AO TEATRO !

O 22 de novembro de 2023 os nenos e nenas do 1º e 2º de Primaria fomos ao Pazo da Cultura de Narón, a ver a obra de teatro "Bon Appétit" da compañía de teatro Ghazafelhos. Se queredes saber máis información desta actividade, premede na imaxe de abaxo.


**EN GALEGO,
DE PELÍCULA**

5. ACTIVIDADES DE DINAMINACIÓN LINGÜÍSTICA:
5.12 PARTICIPACIÓN NO CORRELINGUA

Correlingua 2022
Correlingua 2023

OBXECTIVOS	<ul style="list-style-type: none"> Achegar os desexos da sociedade en canto á normalización da lingua galega á comunidade escolar.
CONTEXTO	<ul style="list-style-type: none"> O centro participa neste evento socio-lingüístico dende o inicio da actividade.
ACCIONES	<ul style="list-style-type: none"> Participación do alumnado no Correlingua organizado en Ferrolterra. Elaboración dun documental gráfico sobre dita participación que servía de foro para un diálogo na aula. Publicar a nova na nosa web.
MATERIAIS	<ul style="list-style-type: none"> Cámara fotográfica e telefonía móvil.
IMPACTO	<ul style="list-style-type: none"> No alumnado e na sociedade en xeral.

Difusión da nosa participación no CORRELINGUA publicada na
nosa web



5. ACTIVIDADES DE DINAMINACIÓN LINGÜÍSTICA:
5.13: DIVULGACIÓN E PRÁCTICA DE BAILE TRADICIONAL GALEGO

OBXECTIVOS	<ul style="list-style-type: none"> Introducir a lingua galega en cantigas e bailes. Promoción da Lingua galega no colexio. Conservación do legado cultural galego.
CONTEXTO	<ul style="list-style-type: none"> Actuación dunha agrupación folclórica local. Obradoiro e actuación para festexar as Letras Galegas a cargo dunha agrupación folclórica. Demostración de baile por parte do alumnado.
ACCIÓN S	<ul style="list-style-type: none"> Práctica dunha peza de baile tradicional. Creación de coreografía adaptada a cada nivel.
MATERIAIS	<ul style="list-style-type: none"> Indumentaria e traxes tradicionais. Pezas musicais galegas. Exposición de instrumentos musicais.
IMPACTO	<ul style="list-style-type: none"> En toda a comunidade escolar.

5.14: ELABORACIÓN DE MATERIAIS DIVERSOS: Marcapáxinas

OBXECTIVOS	<ul style="list-style-type: none"> Introducir a lingua galega en obxectos e ferramentas de uso cotiá do alumnado. Difundir entre a comunidade educativa o autor ao que vai dedicado o día das Letras Galegas: Luisa Villalta Gómez. Promoción da Lingua galega no colexio.
CONTEXTO	<ul style="list-style-type: none"> Elaboración dun marcapáxinas para a totalidade do centro.
ACCIÓN S	<ul style="list-style-type: none"> Elaboración dun marcapáxinas relativo á autora Luisa Villalta Gómez á que vai adicado o día das Letras Galegas.
MATERIAIS	<ul style="list-style-type: none"> Cartolinas e pinturas.
IMPACTO	<ul style="list-style-type: none"> En toda a comunidade escolar.

Letras Galegas 2024

[LUISA VILLALTA](#) > [BIOGRAFÍA](#) [OBRA](#) [VÍDEOS](#) [NOVAS](#)

© Xose Abad

Luisa Villalta. "E formo parte"

Por Ana Romani


6. COLABORACIÓN CON OUTRAS ENTIDADES

6.1 – Departamento de Normalización Lingüística do Concello de Ferrol

6.2 – Equipas de Normalización Lingüística Ferrolterra

6.3 – Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG)

OBXECTIVOS	<ul style="list-style-type: none"> Introducir a lingua galega en obxectos e ferramentas de uso cotiá do alumnado. Promoción da Lingua galega en toda a comunidade educativa. Difundir as novas nos blogs e redes sociais.
CONTEXTO	<ul style="list-style-type: none"> Diferente segundo a actividade.
ACCIÓNES	<ul style="list-style-type: none"> Membro da Asociación das Equipas de Normalización Lingüística de Ferrolterra. Participación en actividades organizadas por estas entidades: <ul style="list-style-type: none"> Participación en concertos didácticos. Participación no programa “En galego, de película” Concurso “Poesía e Imaxe”.. Propostas da AELG para o día de Rosalía.
MATERIAIS	<ul style="list-style-type: none"> Os propios de cada actividade.
IMPACTO	<ul style="list-style-type: none"> En toda a comunidade escolar.



Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega



Participación no programa de actividades de
Dinamización Lingüística promovidas polo Concello

PARTICIPACIÓN NO XXIII CERTAME
DE POESÍA E IMAXE
“EN GALEGO SEN FILTRO”

MURAIS DE POESÍA E IMAXE

